

As mulleres nos Xogos Olímpicos

Na antiga Grecia as mulleres non podían participar nos Xogos Olímpicos, estaba prohibido polos fundadores e pola propia sociedade, nen sequera podían asistir como espectadoras, agás as mulleres solteiras.

En 1886 celebráronse en Atenas os Xogos Olímpicos modernos. Un dos grandes fundadores, chamado Pierre de Coubertin non deixaba que as mulleres participaran, pensaba nos Xogos Olímpicos como unha competición só para homes que obtiñan de recompensa o aplauso das mulleres, pouco cambiaran as cousas respecto a Grecia.

En 1900, nos xogos celebrados en París, as mulleres participan por primeira vez nos Xogos Olímpicos a pesar de que os propios fundadores non estaban moi convencidos; só se lles permitiu participar en deportes que consideraron “de natureza feminina”: o golf, o tenis e o croquet.

O movemento feminista continuou a loita contra a campaña que impedía a presenza de mulleres deportistas nos xogos, que incluso chegou a estar liderada polo Papa Pío XI. Grazas a elo, ampliáronse as competicións femininas en deportes como o atletismo, esgrima, natación e ximnasia. Co tempo logrouse normalizar a presenza das mulleres deportistas en todas as disciplinas.

Proba delo son os Xogos Olímpicos de Tokio 2021, onde as mulleres representaron o 49% dos deportistas participantes. As deportistas españolas nestes xogos, representaron un 41,7% dos 314 deportistas españois que concorriron, entre eles as seguintes deportistas galegas: Ana Peleteiro en atletismo, Belén Toimil en lanzamento de peso e Raquel Carrera en baloncesto, son algúns exemplos delas.

Cies Palmás Saavedra 6ªA

Alex Morgan

Alex Morgan naceu o 2 de xullo de 1989 en San Dimas, California. Dende pequena comezou a practicar deportes como o baloncesto e o atletismo, pero o fútbol sempre foi a súa maior paixón, Xoga ao fútbol desde os 14 anos.

Gañou premios como: o Best Female Athlete ESPY Award, FIFA FIFPro Women's World XI, best female soccer player in the US e Kids' Choice Award for Favorite Female Sports Star.

Sofía Silva Solla 6ºA



Alexia Putellas

Alexia Putellas Segura naceu o 4 de febreiro de 1994 nunha cidade de Barcelona. Xoga como centrocampista e dianteira no Fútbol Club Barcelona e na selección española dende 2013.

Debutou co seu club en diferentes competicións (nacionais e internacionais) tamén participou coa Selección Española absoluta en dous mundiais (no 2015 e no 2019) e dúas Eurocopas (no 2013 e no 2017).

Alexia recibiu o Balón de Ouro Feminino no 2021 á mellor xogadora do mundo sendo a primeira española en obtelo e foi galardoada co premio The Best FIFA de 2021 sendo a segunda futbolista en obtelo.



Feito por Daniela Fontán Pintos
6ºA

CAROLINA MARÍN

Naceu en Huelva en 1993.

É unha deportista que xoga ao bádminon.

Carolina Marín conseguiu moitos logros como a medalla de ouro nos Xogos Olímpicos de Río de Xaneiro, foi tres veces campioa do mundo, gañou catro veces o campionato de Europa e tamén catro super series Premier.



Cynthia Cooper

É unha adestradora e ex-xogadora de baloncesto estadounidense que gañou campionatos na universidade, nos Xogos Olímpicos e na Asociación Nacional de Baloncesto Feminina. É considerada por moitos como unha das mellores xogadoras de baloncesto feminino da historia.

Os premios que gañou son o Best WNBA Player ESPY Award 2000, 1999, 1998 e o Kids' Choice Award for Favorite MVP 2000



Carmen Domínguez Rosales

Gemma Mengual

Gemma Mengual nada en Barcelona o 12 de Abril de 1977, comezou a practicar natación sincronizada con 9 anos.

Participou nos Xogos Olímpicos de Sídney 2000 quedando oitava en dúo. No de Atenas 2004, logrou co equipo español a cuarta praza na modalidade de equipos e dúo.

É a única nadadora do mundo que conseguiu catro medallas de ouro nuns campionatos europeos.

Nos Xogos Olímpicos de Pekín 2008 conseguiu dos medallas de prata tanto en Dúo como en Equipo.



Michèle Mouton

Michèle Mouton é unha ex piloto francesa de rally que correu nos anos 1974 e 1986. Competindo no Campionato Mundial de Rally para varios equipos Alpine Renault, Lancia, Fiat, Audi e Peugeot. Mouton gañou catro probas (Sanremo, Portugal, Acrópolis e Brasil) os tres segundos (Rac, Portugal e Suecia) e foi terceira en (Safari e Arxentina) e en 1982 quedou subcampiona do mundial de rallies. Ningunha muller conseguiu quedar tan ben nun mundial de rallies.

Hugo P. 6ºA



Mireia Belmonte

Naceu en Badalona, o 10 de novembro de 1990. É unha nadadora española, campioa olímpica mundial e europea.

Compite nas categorías de estilos, *mariposa* e libre.

Comezou a nadar a os 4 anos por prescrición médica, xa que tiña *escoliose*.

Participou en 4 Xogos Olímpicos: en Pekín 2008; en Londres 2012, gañando dúas pratas; en Río de Xaneiro 2016 foi campioa olímpica de 200 m mariposa, e logrou a medalla de bronce en 400 m estilos en Tokio 2020.



Isabel Muñoz Tobío 6ºA

Miriam Blasco

Naceu en Valladolid o 12 de novembro do 1963.

É unha exyudoca e política española.

Foi a primeira deportista española en conseguir unha medalla de ouro nuns Xogos Olímpicos en 1992.

Nos xogos Xogos Olímpicos de Atlanta 1996, participou como adestradora, as súas pupilas Isabel Fernández e Yolanda Soler obtiveron o bronce.

Cinthyia Martínez Rodríguez



Serena Williams

Nada o 26 de 1981 en Saginaw, Míchigan, é unha tenista estadounidense.

Ten gañados máis de setenta torneos da WTA entre os que destacan os seus 23 Grand Slams en individuais.

É a única xogadora feminina en gañar máis de 40 millóns de dólares en premios, ademais gañou a medalla de ouro nos Xogos Olímpicos de Londres en individuais e xunto a súa irmá Venus Williams os dobres en PeKín, Londres e Río.



Simone Biles

Cíes Palmás Saavedra 6ºA

É unha ximnasta artística estadounidense nada en Columbus, Ohio, o 14 de marzo de 1997. Aos 6 anos de idade visitou unha escola de ximnasia e para divertirse empezou a copiar ás ximnastas, así foi descuberta por unha famosa entrenadora que se percatou da súa habilidade e comezou a entrenar dende os 8 anos.

Saltou á fama en 2013 gañando dous ouros no campionato do mundo con só 16 anos. Consecutivamente tamén acadou catro ouros mundiais en 2014 e 2015, sendo en total, cinco veces campioa mundial (2018-2019).

Nos Xogos Olímpicos de Río de Xaneiro 2016 xa era favorita e non defraudou ao gañar o ouro nas probas de concurso completo, por equipos, salto e chan e o bronce na viga.

En total conta con 19 títulos de campioa mundial e 25 medallas convertíndose na mellor ximnasta da historia.



Teresa Portela

María Teresa Portela Rivas (Cangas do Morrazo, 5 de maio de 1982) é unha deportista española que compite en piragüismo na modalidade de augas tranquilas.

Participou en seis Xogos Olímpicos de Verán, entre os anos 2000 e 2020, obtendo unha medalla de prata en Tokio 2020.

Foi a primeira española en competir en seis edicións dos Xogos.




Hugo Crespo

Vanessa Ferrari

Naceu o 10 de novembro de 1990.

É unha ximnasta artística italiana que se proclamou campioa do mundo na proba individual no Campionato do Mundo de Ximnasia Artística de Aarhus 2006.

Con 30 anos gañou a medalla de prata en Tokio 2020, na modalidade de Chan.



Paula Álvarez Rodríguez 6ºA